




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 106/2018**.

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia nas reclamacións presentadas ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 4 de xuño de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito do 4 de xuño de 2018, que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de setembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da Dirección Xeral de Función Pública do 16 de abril de 2018, pola que solicitou copia da documentación relativa á amortización da praza Xefe de Sección de Asesoramento Lingüístico, da Dirección Xeral de Política Lingüística, coa tramitación administrativa que se seguiu para ese obxecto, desde o inicio do procedemento ata o momento no que se declara oficialmente amortizada a praza, incluídos os informes e comunicacións que se rexistrasen e que xustifiquen tal actuación, tanto relativos á modificación inicial coma á posterior supresión e creación doutra e copia da documentación que obre en poder da Xunta de Galicia respecto do expediente disciplinario que se seguiu contra o solicitante no ano 2002.

O reclamante considera que a resposta da Administración que recibiu o 16 de abril de 2018, fai unha interpretación abusiva do criterio do que deben entenderse como solicitudes manifestamente repetitiva dado que non poden entenderse como tal unha solicitude que se

atendeu hai once anos, e fai unha serie de consideracións sobre o procedemento de amortización do posto que o reclamante ocupaba e sobre o procedemento de remoción da súa praza.

Segundo. O 12 de setembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Dirección Xeral de Función Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción do dito traslado o 24 de setembro de 2018.

Terceiro. O 4 de outubro de 2018 ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo oficio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co que remite copia do expediente de acceso á información pública e informe no que en síntese manifesta que en referencia á petición de información sobre o expediente disciplinario incoado ao solicitante no ano 2002, que é a parte da solicitude que é competencia desa Consellería, a petición do reclamante foi respondida con data do 11/06/2018, polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, inadmitindo o acceso solicitado no mesmo senso que na resolución da Dirección Xeral da Función Pública, dado o carácter abusivo e repetitivo da solicitude do reclamante, tendo en conta que o interesado tivo acceso íntegro a toda a documentación do expediente, non só na súa condición de parte demandante no procedemento abreviado 170/2003 do Xulgado do contencioso Administrativo N.1 de Santiago de Compostela (rematado mediante a sentenza do 29/03/2014), senón tamén na súa condición de parte interesada durante a tramitación administrativa previa do expediente disciplinario que foi obxecto de impugnación posterior a través do devandito procedemento xudicial.

Cuarto. Con data do 9 de outubro de 2018, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo informa da Dirección Xeral de Función Pública, no que en síntese manifesta que a contestación da Dirección Xeral de Función Pública xustifica o non acceso á documentación por considerala, en aplicación da normativa vixente e a interpretación que da mesma fai o Consello de Transparencia e Bo Goberno (CI 003/2016, do 14 de xullo), reiterativa e abusiva, dado que no referente á documentación sobre a amortización do posto de xefatura de sección, tal e como consta no Antecedente de Feito segundo da Sentenza n2 18/07, do Xulgado Contencioso Administrativo n9 2 de Santiago de Compostela da que xunta copia, o expediente administrativo de referencia xa foi reclamado á Administración demandada, ambas partes compareceron e foron practicadas as probas admitidas, non constando que se reclamara por parte da demanda nova ou complementaria documentación non obrante no expediente remitido.

Ademais indica que as solicitudes realizadas xa foron contestadas no mesmo senso, directa ou incidentalmente, con anterioridade (unha vez adquiriron firmeza en vía xudicial os expediente solicitados) por diversos escritos no ano 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa, debendo a reclamación interperse dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado.

No presente caso, tal e como consta no selo do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a resolución da Dirección Xeral de Función Pública que se impugna, tivo saída o 10 de abril do 2018, e se recibiu polo interesado o 16 do mesmo mes. O reclamante presentou a súa reclamación o 4 de xuño de 2018, segundo consta na súa reclamación, polo que transcorreu o prazo dun mes que establece o artigo 24.2 da Lei 9/2013, procedendo en consecuencia a inadmisión da reclamación presentada por extemporánea, de conformidade co disposto no artigo 116.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ contra a resolución da Dirección Xeral de Función Pública do 16 de abril de 2018, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á información.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga